



Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Castiñeiro *Castanea sativa* Miller ou *Castanea x hybrida*

Modelo silvícola CS3

Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repopoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



Castiñeiro

Castanea sativa Miller ou *Castanea x hybrida*

MODELO SILVÍCOLA CS3

Produción de froito e outros aproveitamentos e persistencia en soutos tradicionais

1 RECOLLIDA


- Asegurar a recollida efectiva da colleita de castaña para evitar que se complete o ciclo de perforadores.

2 MANTEMENTOS

- Control da vexetación.

3 APROVEITAMENTOS COMPLEMENTARIOS

- Compatibilidade con aproveitamento micolóxico e gandeiro.



Máis información do modelo

MODELO SILVÍCOLA CS3

ESPECIE: *Castanea sativa* Miller, aplicable a formacións mixtas con outras frondosas autóctonas

OBXECTIVO: produción de froito ou mixta froito-madeira en soutos tradicionais

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: aqueles con presenza de soutos vellos de castiñeiro, en particular VII e VIII de Lugo e XIII, XIV e XV de Ourense. Modelo orientado á xestión de soutos tradicionais co obxectivo principal de produción de froito, incluíndo actuacións de mantemento, mellora e restauración

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** poda de renovación de copas eliminando ramas envellecidas de baixa produción de castaña. Renovación de copa progresiva cada 10 anos, renovando por completo cada 30, e evitar descabezar toda a árbore.
- **Rexeneración e enxertado:** substitución de pés moi envellecidos e de escaso vigor mediante recepado, replantación ou substitución por árbores de rexenerado natural. Enxertado con variedades tradicionais.
- **Restauración:** recuperación dos soutos mediante corta de arboredo doutras especies, roza, eliminación de brotes de castiñeiro bravo, poda de ramas envellecidas, equilibrado de copas, selección de brotes e replantacións.
- **Control sanitario:** seguimento e control de problemas sanitarios, en particular de cancro, perforadores de castaña e avespa do castiñeiro.